

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2024/2025

RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar menor ou igual a 6.000 €		Renda per cápita familiar maior que 6.000 € e menor ou igual que 10.000 €	
Alumnado	LIBROS DE TEXTO	MATERIAL	LIBROS DE TEXTO	MATERIAL
1º e 2º de Primaria	Vale de libros 240 €	Vale material escolar de 75 €	Vale de libros 160 €	Vale material escolar de 60 €
3º e 4º de Primaria	Fondo: 6 libros (1)		Fondo: 4 libros (1)	
5º e 6º de Primaria	Libros dixitais – Edixgal (2)		Libros dixitais – Edixgal (2)	
Con necesidades específicas de apoio educativo que empregue libros e material didáctico específico	Vale libros de 240 €		Vale libros de 160 €	

(1) **Todo o alumnado que vai a cursar 3º e 4º de primaria pode solicitar a participación no fondo solidario con independencia da renda per cápita familiar.** Os libros dispoñibles neste fondo, asignaranse por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata que se esgoten as existencias garantido sempre un mínimo de 6 libros para rendas menores ou iguais a 6.000 € e un mínimo de 4 libros para rendas menores ou iguais a 10.000 €.

Para poder ser beneficiario do fondo solidario é necesario que o alumnado que cursou 3º ou 4º de primaria, **devolva os libros de texto** recibidos do fondo no curso 2023/2024 con **data tope o 21 de xuño. As familias deberán de asinar o documento de devolución.**

(2) O **alumnado de 5º e 6º só pode solicitar a axuda para material escolar**, xa que empregarán os ordenadores Edixgal non os libros do fondo. Por isto **só entregarán as solicitudes as familias cunha renda per cápita menor ou igual a 10.000€.**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é do **21 de Maio ao 21 de xuño**, ambos incluídos.

Cada familia presentará **unha única solicitude para todos os fillos/as** que estean admitidos no centro e nela **indicarase o nivel que vai a cursar cada un deles no curso 2024/2025.** No caso da tramitación da **solicitude por vía electrónica** é necesario **presentar unha solicitude por cada alumno/a.**

- **Presentación no centro:** en horario de 11:10 a 12:00.
- **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** Empregando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos por esta sede, incluído o sistema de usuario e a chave 365.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

- **Solicitud e Anexos I e II; debidamente cubertos e asinados.** No anexo II deben asinar **todos os membros da unidade familiar**, excepto o solicitante. No caso de menores de idade asinará un dos proxenitores.
- **Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros computables a data 31 de decembro de 2022.** No caso de non ter libro de familia, os membros computables poderán acreditaranse mediante:
 - Sentenza de separación ou divorcio ou de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- No caso de que o solicitante e/ou os membros computables a unidade familiar **se opoñan á consulta** de datos (DNI/NIE, declaración do imposto da renda e certificado de discapacidade) **deberán indicalo nos apartados correspondentes e presentar orixinal e fotocopia de:**
 - DNI/NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
 - Declaración do imposto da renda ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2022.
 - De ser o caso: certificado/s do grado de discapacidade recoñecido pola Xunta/ou certificado de percepción de pensión por incapacidade. Ambos con data de referencia 31 de decembro de 2022.

INFORMACIÓN ADICIONAL

A unidade familiar está formada por:

- Os pais non separados legalmente.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que por matrimonio ou unión de feito viva no domicilio familiar co proxenitor/a do alumnado.

A renda familiar obtérase:

- Cando se presentase declaración da **renda en 2022** sumando **os recadros 435 e 460** de cada declaración presentada e dividindo o total entre o número dos membros computables da unidade familiar.
- No caso de non presentar declaración hai que sumar os ingresos netos de todos os membros computables e dividir o total entre o número dos membros computables da unidade familiar.

Ter en conta que os membros que acrediten unha **discapacidade igual ou superior ao 33% ou con incapacidade permanente computan por dous.**